

## ACTA E RESUMEN DE ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia Pazo de Mariñán, Bergondo, 28 de Febreiro de 2020

### ASISTENTES:

- PRESIDENTA: VILABOY ROMERO, LAURA.
- VICEPRESIDENTA: DOMÍNGUEZ GALÁN, NATALIA. 2 votos delegados de: Colexiada nº 0398 e Colexiada nº 3879.
- SECRETARIA: NÚÑEZ RÚA, ROCÍO.
- VOGAIS:
  - CASAL FIGUEROA, LAURA. 1 voto delegado de: Colexiada nº 4760.
  - GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, SONIA.
  - PIÑEIRO ÁLVAREZ, BELÉN.
  - RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, NOELIA.
  - VARELA COSTA, PAULA. 1 voto delegado de: TESOUREIRA. CANEDA ZAMAR, BEATRIZ.
  - BOUZAS ÁLVAREZ, ANTÓN.
- Colexiado nº 5308
- Colexiada nº 0116
- Colexiada nº 0111
- Colexiada nº 0102
- Colexiada nº 4851
- Colexiada nº 3831
- Colexiada nº 0107
- Colexiada nº 0924
- Colexiado nº 5207
- Colexiada nº 5182
- Colexiada nº 4801
- Colexiada nº 3389
- Colexiada nº 3851
- Colexiada nº 3221. 2 votos delegados: Colexiada nº 3550 e Colexiada nº 0178
- Colexiado nº 0103
- Colexiada nº 3237
- CONVIDADO. EN TRÁMITES DE COLEXIACIÓN (SEN VOTO). Participante nº 1

**Total Asistentes: 32 asistentes (27 mulleres e 5 homes):** 25 colexiadas (21 mulleres e 4 homes), 6 votos delegados e 1 en trámites de colexiación (sen voto).

Iníciase a Asemblea o venres 28 de Febreiro de 2020 ás 17:10h, na Sala de Conferencias do Pazo de Mariñán, sito en Mariñán, s/n 15165 Bergondo (A Coruña).

Laura Vilaboy Romero, Presidenta da Xunta de Goberno do Ceesg, dá a benvida e presenta a asemblea.

## **ORDE DO DÍA**

- 1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 23 DE FEBREIRO 2019.**
- 2. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2019.**
- 3. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DOS PLANS DE TRABALLO 2020.**
- 4. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2020.**
- 5. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.**
- 6. SORTEO DE DÚAS INSCRICIÓNS AO VIII CONGRESO ESTATAL DE EDUCACIÓN SOCIAL.**

## 1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 23 DE FEBREIRO 2019.

Procédese á lectura e exposición do contido da Acta da Asemblea Xeral. Presenta: Laura Vilaboy Romero.

Resáltanse que o número de colexiadas/os asistentes foi de 19, 4 votos delegados e 1 persoa en trámites de colexiación. Dese total de 19 participantes, 17 eran mulleres e 2 homes.

Non producíndose intervencións, procédese á votación.

### **ACORDO:**

A votación á **Acta da Asemblea Xeral 2019** resultou favorable **por unanimidade das persoas asistentes**:

## 2. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2019.

### Memoria Técnica 2019

Procédese á presentación da Memoria Técnica 2019. Informa: Natalia Domínguez Galán.

Menciónanse as novas incorporacións: a asesoría xurídica e unha auxiliar administrativa.

### Memoria Económica 2019

Informa Laura Vilaboy Romero. Procede á lectura da Memoria Económica 2019 e do Balance de Situación a 31/12/2019. Destácase o superavit do pasado ano (7.017,34€) e o saldo positivo de colexiacións (59).

Non producíndose intervencións, procédese á votación da Memoria Técnica e Económica 2019.

### **ACORDO:**

A votación á **Memoria Técnica e Económica 2019**: resultou favorable coa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**.

## 3. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DOS PLANS DE TRABALLO 2020.

Informa Sonia González Rodríguez, Noelia Rodríguez Álvarez expón os obxectivos estatais.

Ábrese turno de intervencións:

- Colexiada 12. Consulta sobre o futuro na liña estratéxica da Lei do Dereito á Educación Social.

- Sonia González Rodríguez. Indica que hai un proceso de cambio a nivel estatal. Desde o Ceesg seguirase defendendo esta liña estratéxica, atendendo ás propostas que se fagan desde o Cgcees.
- Laura Vilaboy Romero. Anima a facer achegas a todas as persoas que teñan suxestións ao respecto.
- Rocío Núñez Rúa. Confirma o interese en manter a atención nesta liña.
- Colexiado 4. Resalta que a Educación Social é traballo profesional e, como tal, precisa dun recoñecemento por Lei.
- Sonia González Rodríguez. Remite a ter en conta os procesos. Aínda que non se conseguira a Lei, o traballo de acadar apoios da Administración Local supoñen un recoñecemento da Educación Social que reflexa que está facendo cambios importantes e avances.

Procédese á votación dos Plans de Traballo 2020:

**ACORDO:**

A votación aos **Plans de Traballo 2020**: resultou favorable coa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**.

#### 4. Presentación e aprobación do Orzamento 2020.

Paula Varela Costa informa do orzamento cos gastos e ingresos previstos neste exercicio 2020.

Non producíndose intervencións, procédese á votación dos Plans de Traballo 2020.

**ACORDO:**

A votación ao **Orzamento 2020**: resultou favorable coa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**.

#### 5. Suxestións e preguntas.

-Vogal, Antón Bouzas Álvarez. Suxestión: promover que a Educación Social é unha titulación académica e que debería incluírse no nome do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais, a modo de Colexio de Grao Universitario de Educadoras e Educadores Sociais.

– Contestación Rocío Núñez Rúa: É un debate a facer e garda relación coa Campaña “Somos Educación Social”.

-Colexiada 12: Pregunta: ¿Está proposta a Galeduso 14?

– Contestación Rocío Núñez Rúa: O contido da Galeduso nº 14 non está recollido no Plan de Traballo 2020, está aberta a temática e confían na proposta que se faga desde o Comité de Comunicación.

- Colexiada 12. Suxestión. En futuras designacións de colexiadas/os de honra, ter en conta a José Antonio Caride Gómez pola súa dilatada traxectoria profesional.

-Vogal, Belén Piñeiro Álvarez. Suxestión: En relación á suxestión da Colexiada 12, indica que tamén se pode abrir a posibilidade de que se fagan recoñecementos a colectivos a entidades ou grupos de investigación.

## **6. SORTEO DE DÚAS INSCRICIÓNS AO VIII CONGRESO ESTATAL DE EDUCACIÓN SOCIAL.**

Gañadoras/es: Colexiado 1 e colexiada 2.

Suplentes: Colexiadas/os 0178 (voto delegado da Colexiada 14), 3550 (voto delegado da Colexiada 14) e Colexiado 15.

Remata a sesión de Asemblea Xeral ás 18:35h., agradecendo a asistencia e participación de todas as persoas presentes.